

**6696** *LEI 6/2002, do 8 de abril, sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de 17.699.979,09 euros, para aboar á «Compañía Trasmediterránea, Sociedad Anónima», os xuros de demora correspondentes á liquidación dos exercicios 1996 e 1997, segundo o contrato regulador dos servicios de comunicacións marítimas de interese nacional. («BOE» 85, do 9-4-2002.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os servicios de comunicacións marítimas de interese nacional veunos prestando a «Compañía Trasmediterránea, Sociedad Anónima», de conformidade co establecido no contrato regulador deles, subscrito o 4 de setembro de 1978 entre o Estado e a «Compañía Trasmediterránea, Sociedad Anónima», dispoñéndose na súa cláusula terceira que o contrato terá unha duración de vinte anos a partir da súa entrada en vigor, con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 1978, debendo entenderse prorrogado se dous anos antes da súa terminación non fose denunciado por algunha das partes; a prórroga tácita non poderá exceder de dous anos.

O Consello de Ministros, con data do 19 de maio de 1995, autoriza o ministro de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente, para que proceda á denuncia do vixente contrato regulador nos termos establecidos na súa cláusula terceira.

O 11 de abril de 2000, o secretario de Estado de Infraestructuras e Transportes, por delegación do ministro de Fomento, resolveu declarar cumprido, de acordo cos termos del e na totalidade do seu obxecto, o contrato regulador dos servicios de comunicacións marítimas de interese nacional subscrito entre o Estado e a compañía, de acordo coa valoración dos dereitos e obrigas entre as partes contratantes, cuantificada definitivamente no importe que resulta da liquidación comprobada e verificada pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

A cláusula vixésimo quinta, punto B) b.3.3, do contrato, dispón que polos capitais investidos pola compañía para financialas demoras de pagamento das débedas contraídas pola Administración, na medida que non sexan financiadas por ela, se aboará o tipo de xuro básico do Banco de España.

A cláusula vixésimo sexta do contrato establece que o importe das achegas do Estado pagarase por cuartas partes e por trimestres adiantados con axuste de xuro á rendición da conta.

Como consecuencia do anterior, a compañía presentou unha liquidación de xuros que ascende a 17.699.979,09 euros, recibido informe favorable da Intervención Xeral da Administración do Estado, con data do 30 de xuño de 2000, no seu informe de control financeiro da liquidación de xuros de demora da «Compañía Trasmediterránea, Sociedad Anónima» (exercicios 1996 e 1997).

O crédito extraordinario está destinado a satisfacer a liquidación dos xuros de demora que deben aboarse á «Compañía Trasmediterránea, Sociedad Anónima», con motivo da rendición das contas dos exercicios 1996 e 1997, pola explotación dos servicios de comunicacións

marítimas de interese nacional, e tramítase de acordo co Consello de Estado, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

#### Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Concédesse un crédito extraordinario por importe de 17.699.979,09 euros á Sección 17 «Ministerio de Fomento», Servicio 32 «Dirección Xeral de Mariña Mercante», Programa 514D «Subvencións e apoio ó transporte marítimo», capítulo 3 «Gastos financeiros», artigo 35 «Xuros de demora e outros gastos financeiros», Concepto 353 «Xuros de demora a favor da Compañía Trasmediterránea correspondentes á liquidación das contas do Estado dos exercicios 1996 e 1997, segundo o contrato regulador dos servicios de comunicacións marítimas de interese nacional».

#### Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario a que se refire o artigo anterior financiarase con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 8 de abril de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## MINISTERIO DE FOMENTO

**6787** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 259/2002, do 8 de marzo, polo que se actualizan as medidas de seguridade na utilización de motos náuticas. («BOE» 86, do 10-4-2002.)*

Advertidos erros no Real decreto 259/2002, do 8 de marzo, polo que se actualizan as medidas de seguridade na utilización de motos náuticas, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 4 en lingua galega, do 1 de abril de 2002, cómpre efectualas oportunas rectificacións:

Na páxina 569, segunda columna, no artigo 1, liñas terceira e cuarta, onde di: «... que naveguen polo mar territorial español...», debe dicir: «... que naveguen polas augas marítimas interiores e polo mar territorial español...».

Na páxina 570, segunda columna, no artigo 5, número 4, alínea a), liña terceira, onde di: «... co especificado no anexo I, ...», debe dicir: «... co especificado nos anexos I e II, ...».

Na páxina 571, primeira columna, no artigo 5, número 8, alínea b), liña terceira, onde di: «... policía municipal, autonómica...», debe dicir: «... policía municipal ou autonómica...».

Na páxina 572, segunda columna, no artigo 10, número 7, oitava e novena liñas, onde di: «Deberase conducir con prudencia, evitando a conducción temeraria», debe dicir: «Deberase gobernar a moto náutica con prudencia, evitando conductas temerarias».

Na páxina 573, primeira columna, anexo I, parágrafo primeiro, liñas primeira, segunda, terceira, cuarta e quinta, onde di: «O exame teórico consistirá na realización do test que figura no anexo I, para a obtención do título de patrón de moto náutica "A", e, ademais deberá contestar outro módulo de preguntas integrado por 10 preguntas con resposta múltiple», debe dicir: «O exame teórico consistirá na realización do test que figura no anexo II, para a obtención do título de patrón de moto náutica "B", e, ademais, deberá contestar outro módulo de preguntas deste anexo I, integrado por 10 preguntas con resposta múltiple».

Na páxina 574, primeira columna, anexo II, número 6, letra h), liña primeira, onde di: «... reixa ou admisión...», debe dicir: «... reixa de admisión...».

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**6955** *ORDE APA/776/2002, do 8 de abril, pola que se modifican determinados anexos do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introducción e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros. («BOE» 88, do 12-4-2002.)*

O Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introducción e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, incorporou o ordenamento xurídico interno a Directiva 77/93/CEE, do Consello, do 21 de decembro de 1976, relativa ás medidas de protección contra a introducción na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, codificada pola Directiva 2000/29/CE, do Consello, do 8 de maio de 2000, con idéntico título que a anterior, e a Directiva 92/76/CEE, da Comisión, do 6 de outubro de 1992, pola que se recoñecen zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos, substituída pola Directiva 2001/32/CE, da Comisión, do 8 de maio de 2001, pola que se recoñecen zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios e se derroga a Directiva 92/76/CEE.

Non obstante, as devanditas directivas sufriron diversas modificacións que foron incorporadas ó noso ordenamento xurídico mediante as correspondentes ordes ministeriais, a última das cales foi a Orde do 21 de xuño de 2001 pola que se modifican algúns anexos do citado Real decreto 2071/1993, de conformidade coa habilitación establecida na disposición derradeira primeira do Real decreto 2071/1993.

Neste sentido, mediante a presente orde, incorpóranse ó ordenamento xurídico interno a Directiva

2002/29/CE, da Comisión, do 19 de marzo de 2002, pola que se modifica a Directiva 2001/32/CE en relación con determinadas zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos, e a Directiva 2002/28/CE, da Comisión, do 19 de marzo de 2002, pola que se modifican determinados anexos da Directiva 2000/29/CE, do Consello, relativa ás medidas de protección contra a introducción na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único.

Os anexos I, II, III e IV do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introducción e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, quedarán modificados de acordo co disposto no anexo da presente orde.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó previsto na presente orde e, en particular, a Orde do 21 de xaneiro de 1985 de medidas de corentena para previla difusión da enfermidade das froiteiras de carabuña denominada «sharka».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 8 de abril de 2002.

ARIAS CAÑETE

### ANEXO

1. Na columna da dereita do punto 1 da letra b) da parte B do anexo I, «UK» substituirase por «UK (Irlanda do Norte)».

2. O derradeiro parágrafo da parte B do anexo I substitúese polo seguinte texto:

«No epígrafe b)1, para Suecia, o período de recoñecemento de zona protexida finalizará o 31 de marzo de 2003».

3. A parte B do anexo II modificarase do modo seguinte:

a) No punto 3 da letra a), o texto da terceira columna substituirase polo seguinte:

«EL, IRL, UK (Escocia, Irlanda do Norte, Jersey, Inglaterra: os seguintes condados, distritos e entidades unitarias: Barnsley, Bath e North East Somerset, Bedfordshire, Bournemouth, Bracknell Forest, Bradford, Bristol, Brighton e Hove, Buckinghamshire, Calderdale, Cambridgeshire, Cornwall, Cumbria, Darlington, Devon, Doncaster, Dorset, Durham, East Riding of Yorkshire, East Sussex, Essex, Gateshead, Greater London, Hampshire, Hartlepool, Hertfordshire, Kent, Kingston Upon Hull, Kirklees, Leeds, Leicester City, Lincolnshire, Luton, Medway Council, Middlesbrough, Milton Keynes, Newbury, Newcastle Upon Tyne, Norfolk, Northamptonshire, Northumberland, North Lincolnshire, North East Lincolnshire, North Tyne-side, North West Somerset, Nottingham City, Nottinghamshire, Oxfordshire, Peterborough, Plymouth, Poole, Portsmouth, Reading, Redcar e Cleveland, Rotherham,